



SAL. 004872 20.07.18 10:24

En aplicación do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela (USC), aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015, no que se establece o procedemento para a organización de prácticas externas curriculares, extracurriculares ou prácticas para a elaboración dos traballos fin de grao/fin de máster na propia USC, e considerando que se cumpre os presupostos esixidos por esta normativa , artigo 27, relativos a:

a) **Solicitud do órgano convocante das prácticas de inclusión na oferta de prácticas:**

A Facultade de Filoloxía imparte a titulación de Máster Universitarios en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos, que recolle a posibilidade de que os alumnos/as realicen prácticas externas en institucións públicas ou privadas de ata 6 créditos ECTS, 150 horas (1 crédito por cada 25 horas), con carácter optativo. Mediante estas prácticas preténdese que o alumnado desenvolva os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos seus estudos

b) **Informe da unidade receptora de alumnos en prácticas.** (No caso de unidades administrativas, este órgano será a Xerencia)

Á vista do escrito de D. Juan L. Blanco Valdés, Director do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC) da Universidade de Santiago de Compostela, de 10 de xullo de 2018, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as en prácticas da titulación de Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos, impartida na Facultade de Filoloxía,

Esta Reitoría resolve,

1. Autorizar a realización de prácticas académicas externas do alumnado da titulación de Máster Universitarios en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos da Facultade de Filoloxía nas instalacións do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC) da Universidade de Santiago.
2. Establecer o seguinte réxime de prácticas académicas externas:
 - Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas características das mesmas e as dispoñibilidades do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC). Deberán ser compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida polo estudante na universidade. No caso das prácticas curriculares computarase un crédito por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar o límite de 150 horas, que establece o plan de estudo para estes efectos. Estes créditos recoñeceranse como obrigatorios/optativos segundo o establezan os planos de estudo.
 - As prácticas realizaranse no período que determine a Comisión de xestión das prácticas do Centro ou órgano con competencias, de acordo coa dirección do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC) e concretaranse nas convocatorias que realice a USC.

- As prácticas a realizar polo alumnado da titulación Máster Universitarios en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos terán relación coas actividades nas que traballa o Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC).
- Ningún alumno/a poderá prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro desta resolución, agás que o centro responsable da titulación autorice expresamente a realización das prácticas extracurriculares reguladas no *Regulamento de prácticas académicas externas da USC*.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica e non implicarán ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinarán a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os/as alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito. No caso das prácticas curriculares optativas e extracurriculares os alumnos seleccionados deberán matricularse nos prazos establecidos na resolución de adjudicación das prácticas; de non facelo entenderase que desisten da súa realización. E cando se trate das prácticas curriculares obrigatorias ou das prácticas para a realización dos TFG/TFM é requisito necesario para a adjudicación das prácticas que o alumno estea matriculado previamente das materias vinculadas (prácticas externas obrigatorias, TFG ou TFM, segundo corresponda).
- Por cada alumno/a que realice as prácticas no Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC) deberán completarse os datos solicitados no *Modelo para cubrir os datos específicos das prácticas académicas externas autorizadas por Resolución Reitoral a realizar por parte de estudantes desta Universidade*, que figura como anexo a esta resolución.
- A Comisión de prácticas, ou con competencias nesta materia da titulación de Máster Universitarios en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos da Facultade de Filoloxía nomeará a un titor académico, que realizará o seguimento das prácticas dos estudantes. Así mesmo, o Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC) deberá nomear un titor desta área para supervisar as prácticas realizadas polo alumnado.
- Ao finalizar cada período de prácticas cada estudante deberán desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final sobre o realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC ao través do titor/-ra académico/a, á vista da memoria final e do informe do titor/-ra de prácticas externo das dependencias nas que realizou as prácticas.

- Para avaliar favorablemente as prácticas ao estudante, este non poderá ter unha ausencia superior ao 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
- Cando a avaliación da memoria sexa positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC) emitirá por cada estudante, que participase con regularidade nas prácticas externas, unha certificación na que constará o tempo de colaboración e as actividades e tarefas realizadas. A certificación deberá especificar que, só surtirá efectos académicos, logo da avaliación do titor académico da USC.
- O alumnado menor de 28 anos segue baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que concorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de accidentes.
- Para calquera situación non contemplada nesta Resolución estarase ao indicado no *Regulamento de prácticas académicas externas da USC*, aprobado no Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2018

O Reitor



Antonio López Díaz

SRA. DECANA DA FACULTADE DE FILOLOXÍA; SR. DECANO DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA; SR. DIRECTOR DO SERVIZO DE PUBLICACIÓNS E INTERCAMBIO CIENTÍFICO (SPIC); DONA ESTHER CORRAL DÍAZ (COORDINADORA DO MÁSTER UNIVERSITARIOS EN ESTUDOS MEDIEVAIS EUROPEOS: IMAXES, TEXTOS E CONTEXTOS); SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA; SR. DIRECTOR DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA



ANEXO

MODELO PARA CUMPLIMENTACIÓN DOS DATOS ESPECÍFICOS DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS AUTORIZADAS POR RESOLUCIÓN REITORAL A REALIZAR POR PARTE DE ESTUDANTES DESTA UNIVERSIDADE

CURSO ACADÉMICO 201...../201.....

Os abaixo asinantes manifestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos na Resolución Reitoral do 18 de xullo de 2018 da Universidade de Santiago de Compostela que autoriza a realización de prácticas no Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC) e fan constar a seguinte información:

1.- Tipo de prácticas: Curriculares Extracurriculares Traballo fin de grao/máster

2.- Estudante beneficiario

Apelidos e nome:

.....

DNI

O/a estudante declara estar ao corrente no pagamento do seguro escolar para menores de 28 anos ou ter contratado un seguro de accidentes no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional.

3.- Titulación na que está matriculado o estudante

.....

4.- Centro/Dependencia e localidade onde se desenvolverán as actividades:

.....

.....

5.- Titor académico:

D/Dona.....

con DNI.....

6.- Titor externo do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC)

D/Dona.....

con DNI.....

7.- Duración das Prácticas Académicas Externas (dd/mm/aa): do..... ao

..... Nº total de días:Horas/día:

8.- O réxime de permisos será acordado polo Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC) e o estudante, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC) as

obrigas de asistencia á Universidade motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación dos estudantes.

10.- O Obxectivo educativo destas prácticas é que o estudante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

11.- Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)

As prácticas realizaranse durante o segundo cuadrimestre do curso 2018-19, en horario de mañán e terán unha duración de 150 horas. Os labores a desenvolver polos estudantes en prácticas no SPIC, axustables en calquera caso ao perfil concreto dos mesmos, serán:

1. Apoio en labores de revisión e control textual: corrección de estilo, ortotipográfica, gramatical e ortográfica dos textos destinados a edición.
2. Apoio en labores de preimprensa: coordinación de corrección de probas; cotexo de probas de maqueta; control e revisión de ferros.
3. Apoio en labores de deseño e maquetación de interior e cubertas.
4. Apoio en labores de edición: control e seguimento da carteira editorial.
5. Apoio en labores de xestión e mantemento das normais relacións do SPIC.
6. Apoio en labores de desenvolvemento tecnolóxico e carga de contidos en plataformas dixitais de edición e distribución.
7. Outros labores a determinar pola dirección en función das conxunturais necesidades.

12.- Sistemas de avaliación e control: O titor académico, á vista do informe do **Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC)** e da memoria final do estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

13.- O/a estudante comprométese a cumprir coas seguintes obrigas:

- a. Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no Anexo.
- b. Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c. Gardar o debido sixilo respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.

- d. Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e. Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f. Calquera outro deber previsto na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora e, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.

O que se asina, por triplicado, en....., a.....de.....de 201.....

<p>O Titor Académico,</p>	<p>O Titor polo Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC),</p>	<p>O alumno/a,</p>
<p>Asinado:</p>	<p>Asinado:</p>	<p>Asinado:</p>

